



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Uso profesional do galego	Código	616G01041	
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia fornece formación teórico-práctica no uso instrumental da lingua galega nas súas modalidades oral e escrita, atendendo fundamentalmente ás necesidades expresivas do ámbito profesional da comunicación audiovisual.</p> <p>Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, ben como fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A2	Crear produtos audiovisuais.
A7	Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual.
A12	Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual.
B6	Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
B7	
B8	Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imbuir solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Transmitir mensaxes audiovisuais.	A1	
Realizar produtos audiovisuais.	A2	
Dominar diferentes técnicas relativas á creación e á produción audiovisual.	A7	
Ter coñecemento dos principais códigos da mensaxe audiovisual.	A12	
Expresarse con corrección, tanto a nivel oral como a nivel escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	B6	
Comprender e expresarse con corrección, a nivel oral e escrito, nun idioma estranxeiro.	B7	
Utilizar os instrumentos básicos das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.	B8	
Desenvolverse para formar parte dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria a fin de poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	B9	



Ser capaz de comprender a relevancia da cultura emprendedora e de coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C1
Valorar de maneira crítica o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñíbel para resolver os problemas que deben encararse no exercicio da profesión.			C2
Aceptar como cidadán/á e como profesional a relevancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C3
Ser capaz de se desenvolver para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, para poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Expresión oral	1.1. Vocalismo e consonantismo 1.2. Modelos de entoación 1.2. Dicción e locución 1.3. Estratexias de comunicación oral
2. Expresión escrita	2.1. O estándar ortográfico e morfolóxico. Aproximación á normativa da lingua galega 2.2. Un modelo culto para o galego: a necesidade da diferenza (exemplificación nalgúns fenómenos: CD sen ?a?, infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo etc.) 2.3. Principais particularidades da lingua escrita
3. Tipoloxía discursiva	3.1. Textos escritos e textos orais formais // Planificación, redacción e revisión de textos monolóxicos (presentacións) e dialóxicos (debates, mesas redondas) // Xéneros discursivos nos medios de comunicación 3.2. Linguaxe de especialidade: o galego profesional no ámbito da comunicación audiovisual // Vocabulario técnico e fraseoloxía
4. Comunicación non verbal	4.1. Linguaxe corporal 4.2. Cortesía 4.3. Técnicas de dramatización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C4	6	36	42
Sesión maxistral	A7 A12 B9 C1 C2	14	15	29
Obradoiro	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4	17	16	33
Presentación oral	A1 A12 B6	2	18	20
Proba mixta	A7 A1 B6 B8 C2	3	20	23
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O/a estudante deberá entregar un traballo colectivo (máximo, 3 estudantes por grupo), fixado polo profesorado no inicio do curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e a colaboración entre o alumnado.
Sesión maxistral	As sesións maxistras consistirán en exposicións orais de carácter teórico-práctico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guíase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.



Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).
Presentación oral	Os/as alumnos/as deberán presentar oralmente o traballo colectivo. Nesta proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.
Proba mixta	Proba con exercicios de diferente tipo en que se avalían os coñecementos e as competencias adquiridas a través das sesións maxistras e das aulas de obradoiro.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C4	O profesorado encomendará un traballo tutelado, que será realizado de forma colaborativa por grupos de até 3 persoas. No traballo aplicaranse os coñecementos adquiridos sobre lingua galega a algún proxecto relacionado coa comunicación audiovisual.	40
Obradoiro	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4	Ao longo do cuadrimestre serán realizados diferentes exercicios prácticos na sesións presenciais. Serán avaliados a súa entrega, o uso adecuado dos recursos e metodoloxías suxeridas e a progresión no proceso de aprendizaxe.	15
Presentación oral	A1 A12 B6	Os/as alumnos/as terán que realizar unha presentación oral do traballo colectivo, orientada á demostración da súa competencia comunicativa.	10
Proba mixta	A7 A1 B6 B8 C2	Nesta proba o alumnado terá que realizar diferentes exercicios de corrección e produción de textos, para avaliar os coñecementos e competencias adquiridas durante todo o cuadrimestre.	35

## Observacións avaliación

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final do traballo obrigatorio se este for entregado fóra de prazo sen causa xustificada. Os/as estudantes que non superaren a materia ou que non entregaren o traballo colectivo exixido deberán realizar na convocatoria de xullo unha proba de carácter escrito e entregar o traballo obrigatorio.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co/coa profesor/a.

Considerarase non presentado na materia quen non realizar a proba escrita e/ou quen non entregar o traballo obrigatorio proposto polo profesorado.

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p>GRAMÁTICASÁlvarez Blanco, R. / Xove, X. (2002): Gramática da lingua galega (Vigo: Galaxia).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998]: Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1999]: Gramática da lingua galega. III. Semántica (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2000]: Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra).Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).López Viñas, X. / Lourenço Mória, C. / Moreda Leirado, M. [2010] (2011): Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión (A Coruña: Baía Edicións).DICCIONARIOSCarballeira Anllo, X. M. (2009): Gran Dicionario Xerais da Lingua (Vigo: Xerais).Ledo Cabido, B. (dir.) (2004): Dicionario de galego (Vigo: Ir Indo).López Taboada, C. / Soto Arias, M. R. (2008): Dicionario de fraseoloxía galega (Vigo: Xerais).Pena, X. R. (coord.) (2004): Gran dicionario Cumio da lingua galega (Vigo: Edicións do Cumio).Pena, X. R. (coord.) (2005): Gran dicionario Século XXI da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio).CADERNOS DE EXERCICIOSMedrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 1 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Medrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 2 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Pena, X. R. / Rosales, M. [1987] (2006): Manual e exercicios de galego urxente (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Briz Gómez, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar (Madrid: Aguilar).Domínguez Dapena, Cristina (2004): Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz (Vigo: Galaxia).Estrela, E. / Soares, M. A. / Leitão, M. J. (2003): Saber Escrever. Saber Falar. Um guia completo para usar correctamente a língua portuguesa (Lisboa: Dom Quixote).Gimeno Terraza, I. (coord.) (2000): Expresión oral. Hablar bien en público (Barcelona: Larousse). Gomes, A. / Cavacas, F. (2005): Escutar. Falar. Oralidade, Lisboa (Lisboa: Clássica Editora).González Rei, B. (2004): Ortografía da lingua galega (A Coruña: Galinova Editorial). Hermida, A. (2006): Manual de conxugación verbal da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio).Hernández Guerrero, J. A. / García Tejera, M. C. (2004): El arte de hablar. Manual de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna (Barcelona: Ariel).Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2005) [1982]: Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (Santiago de Compostela: ILG / RAG).Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2004): Vocabulario ortográfico da lingua galega (Santiago de Compostela: ILG / RAG). Edición dixital en <a href="http://www.realacademiagalega.org/volga">http://www.realacademiagalega.org/volga</a>Losada Aldrey, M. C. / Cid Fernández, A. / Fernández Carballido, X. (2017). Para dar trella. Manuel práctico de fraseoloxía galega (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Edición dixital en <a href="http://www.cirp.gal/pub/docs/frase/para_dar_trella.pdf">http://www.cirp.gal/pub/docs/frase/para_dar_trella.pdf</a>Morales, C. J. (2001): Guía para hablar en público (Madrid: Alianza).Pazó Fernández, Edith (2005). Dicionario galego de televisión (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, CRTVG). Edición dixital en <a href="http://www.cirp.es/pub/docs/cite/dicTV.pdf">http://www.cirp.es/pub/docs/cite/dicTV.pdf</a>Regueira, X. L. (2005): "Estándar oral". En Álvarez e Monteagudo (eds.): Norma lingüística e variación: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).Regueira, X.L. (2012). Oralidades. Reflexións sobre a lingua falada no século XXI (A Coruña: RAG).Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Criterios para o uso da lingua (A Coruña: Universidade da Coruña).Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Sobre a calidade da nosa lingua (A Coruña: Universidade da Coruña).Scott, Bill (2000): La comunicación oral y escrita para directivos y profesionales (Deusto: 2000).</p>

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías